


Documento distribuído por  
 culturagalega.org

## “Concepción Sáiz Otero”

Artigo de Aurora Marco publicado no libro da súa autoría *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*, Sada, Ediciós do castro, 2002, p. 67-95



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## “A mestra de todas”

Unha das mulleres galegas máis respectada e valorizada no mundo da educación a fins do XIX e primeiras décadas do XX, é, sen dúbida, a da compostelana Concepción Sáiz, coñecida entre os íntimos como Pura Sáiz. Recuperar datos biográficos desta esquecida pedagoga foi tarefa abondo dificultosa, mais nesta investigación amplio a información que existe sobre ela<sup>1</sup> e oferezo os testemuños escritos de catro alunas, publicados por motivo da sua xubilación en 1921. Trata-se duns textos que achei nunha revista de 1928 e que permiten coñecer o seu perfil, através da lembranza de cinco discípulas (non “alunas”, como precisa un dos textos), duas delas tamén galegas, Concepción Alfaya López e Paz Alfaya López. Co primeiro destes textos, da autoria de María V. Jiménez, pode-se completar tamén a sua biografía<sup>2</sup>.

## Vida

Esta pedagoga e escritora naceu o 22 de maio de 1851 en Santiago de Compostela. Filla dun burgalés liberal —que tivo que desviar os seus estudos e sentar praza de

---

<sup>1</sup> Vexa-se nota anterior.

<sup>2</sup> Jiménez, M<sup>a</sup>.V., “Nuestros maestros. Concepción Sáiz”, *Revista de Escuelas Normales*, nº 54, mayo de 1928, pp. 162-168.

carabineiro— e de galega, foi baptizada polo P. Mera, freire exclaustrado, co nome de Concepción, mais o freire quixo que até os oito anos a chamasen Pura, nome que conservaría sempre para os seus íntimos. Aos catro anos comezou para a compostelana un peregrinar por distintas vilas e cidades, debido aos destinos do seu pai. Con esa idade viaxa ao lombo dun cabalo, durante vinte días, a Ciudad Rodrigo, onde comeza a vida escolar coas monxas de Santa Clara, e as primeiras leituras. Un día, xogando con outros cativos e cativas, encontrou na cociña dun veciño o primeiro libro que manexou na súa vida, un exemplar en pergamiño obscuro e vello: *Carlo Magno y los doce pares de Francia*. Comentando na súa casa as fazañas de Roldán, escoitou por primeira vez na súa vida ao pai falar do Quixote. Tiña na altura seis anos. Esta paixón pola lectura foi constante ao longo da súa vida, a xulgar polas referencias das discípulas e dos textos da súa autoría (foi, alén diso, profesora de Língua e Literatura).

Até os dezoito anos continuaron os traslados familiares: Viveiro sería o novo emprazamento familiar. Ali estableceu relación amistosa coa escritora Camélia Cociña<sup>3</sup>, con quen pasaba as horas contemplando o solpor, e lendo versos que as dúas futuras escritoras compuñan... Tiña Concepción Sáiz nove anos. Hai un texto da pedagoga dedicado a Emília Pardo Bazán onde rememora aquela estadia en Viveiro:

---

<sup>3</sup> Datos biobibliográficos sobre esta escritora poden consultar-se nos traballos de Enrique Chao Espiña, E., "La familia Cociña-Fernández-Victorio", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1956, e de Aurora Marco, "Camelia Cociña Riveira, verso sóbrio e rexo", en *As Precursoras*, cit., pp. 47-49. Neste último traballo hai datos inéditos e un texto poético, a modo de ilustración da súa obra.

*“En tanto Emilia Pardo Bazán y de la Rúa Figueroa leía su biblia arrullada por las olas de la ría de Sanxenjo (Coruña), quien estas notas escribe (gallega y entonces niña de nueve años) leía la suya al amor de la ría de Vivero (Lugo). Hay en el ambiente de la incomprendida Galicia un quid espiritual que despierta en el alma femenina nobles aspiraciones y altos ideales”<sup>4</sup>.*

De Galiza a Logroño e de Logroño a Burgos, de onde era o seu pai. En setembro de 1870, a nai e as tres fillas trasladan-se a Madrid, onde a máis vella, Xoana, que xa era mestra, obtivo a escola de Pancorbo. Seguindo o camiño da irmá, en 1876 prepara-se con ela e co mestre D. José Pontes para ingresar na Normal. Nestas clases coñeceu a María Camino, con quen trabou unha amizade indestructíbel, que foi posteriormente a compañeira de Rufino Blanco, un dos profesores máis coñecidos da “Escuela de Estudios Superiores del Magisterio”, o centro onde finalizou a súa vida profesional a biografada. En 1878 obtivo o título de Mestra Superior na “Escuela Normal de Maestras”, e ao ano seguinte, tras cursar con Pedro de Alcántara —que pasou de profesor a amigo e a quen sucedería anos máis tarde nun destino profesional— a pedagogía Froebel, obtivo o título de Profesora de Párvulos. De 1878 a 1881 seguiu os cursos na “Escuela de Institutrices”, asociación à que xa me referin, un centro que contaba con profesorado ilustre (Pedro de Alcántara, Gumersindo Azcárate, Torres Aguilar, Benot, etc), en que tamén aportaron o seu grao de area outras dúas galegas, Concepción Arenal, en calidade de “consiliária”,

---

<sup>4</sup> Sáiz, C., “Emilia Pardo Bazán”, *Revista de Escuelas Normales*, cit. p. 169. Esta páxina, inédita até o momento en que apareceu nesta revista, estaba destinada a formar parte do tomo IV do seu libro *Lecturas escolares*.

e Casilda Mexia, como profesora de debuxo<sup>5</sup>. Para obter o título de institutriz había que pasar unha reválida que incluía dous idiomas (francés e outro a elección entre inglés, italiano ou alemán), interpretación de música ao piano, debuxo lineal e de adorno<sup>6</sup>, o que proba a preparación da compostelana, de maior nivel que o ensino ofrecido nas Escolas Normais, onde as materias de labores, relixión e nocións elementares de outras disciplinas básicas constituían o currículo. Note-se que o programa para esta proba non contemplaba nen labores nen doutrina sagrada. Como a propia Concepción Sáiz deixou escrito, da “Escuela de Institutrices” as alunas saían “con un tesoro de ideas novas y un ansia inagotable de avanzar hacia los amplios horizontes que ante ella se abrían”<sup>7</sup>.

Concepción Sáiz reproduciu, anos despois, o ambiente da “Escuela de Institutrices” en forma de conversa entre dúas amigas:

- ¡A la Escuela de Institutrices! ¿Estás loca?
- No me he hecho cargo.
- Pero, ¿no sabes que son masones?

---

<sup>5</sup> Con este centro non simpatizaban os católicos ortodoxos (no programa do seu primeiro regulamento non contemplaba o ensino da relixión), segundo M<sup>a</sup> José Lacalzada de Mateo, *La otra mitad del género humano: la panorámica vista por Concepción Arenal (1820-1893)*, Atenea, Universidad de Málaga, 1994, p. 139.

<sup>6</sup> Suárez Pazos, M., “Imagen socio-educativa de la mujer gallega en el sexenio revolucionario (1868-1874)”, *Mujer y educación en España (1868-1975)*, Departamento de Teoría e Historia da Universidade de Santiago, 1990, pp. 308-317.

<sup>7</sup> Sáiz Otero, C., *La revolución de 1868 y la cultura femenina. Apuntes del natural* (Un episodio nacional que no escribió Galdós), Madrid, Victoriano Suárez, 1929, p. 49.

- Algunos acaso.
- ¡Y lo dices con tanta tranquilidad!
- ¿Por qué he de intranquilizarme? Yo no he de hacerme masona.
- Sí, pero te quitarán la religión, allí no enseñan.
- Ya me la enseñó mi madre...<sup>8</sup>

O paso por esta escola deixou lembranzas inapagábeis en Concepción Sáiz: a un dos seus exames acudiron a escoitá-la Francisco Giner de los Ríos e Concepción Arenal, e a pedagoga compostelana tivo ocasión por primeira e única vez de “*contemplar con devoción el firme perfil, la serena mirada, la frente espaciosa y los grises bandos, cubiertos por un modesto velo, de la excelsa autora del Visitador del Pobre*”<sup>9</sup>. Tras a obtención dos seus títulos, presentou-se às oposicións celebradas en 1881 (xunto con Adela Riquelme e Carmen Rojo) para acceder à Dirección da Normal Central e, embora Azcárate lle outorgase o seu voto para os tres lugares da terna, a política non foi allea ao resultado: a dirección ocupou-na Carmen Rojo mais Concepción Sáiz e Adela Riquelme entrarían, con tal motivo, como profesoras deste centro en 1884. Nese lapso de tres anos, 1881-1884, desempeñou a dirección da primeira escola graduada de nenas criada na “Asociación para la Enseñanza de la Mujer”, e foi tamén nomeada consiliária da mesma, cargo que desempeñou durante moitos anos. Tamén nesta mesma Asociación reemplazaría a Pedro de Alcántara na cátedra de Pedagogía.

---

<sup>8</sup> *Ibidem*, pp. 28-29.

<sup>9</sup> *Ibidem*, p. 63.

Cumpre lembrar, embora sexa brevemente, algunhas circunstancias da vida deste centro porque iso axudará a coñecer o tipo de profesorado que habia na Central, a mentalidade que se respiraba nas aulas, as concepcións no que di respecto à educación das mulleres e, como consecuencia, o perfil de mestra que saíu daquel centro.

A “Escuela Normal de Maestras”, que foi inaugurada o 21 de marzo de 1859 con carácter de “Central del Reino”, tivo un período clave na súa historia (de 1882 a 1890), considerado como a etapa dourada do centro (e que coincide coa estadia de Concepción Sáiz como profesora), porque contaba naquela altura con profesoras e profesores comprometidos non só coa renovación pedagóxica mais tamén co papel que lle correspondía à muller na sociedade, ideas que defenderon através do seu maxisterio e nos traballos que presentaban nos congresos en que participaban. Con parte do seu profesorado vinculado à “Institución Libre de Enseñanza”, à “Asociación para la Enseñanza de la Mujer” (César Eguilaz, Rafael Torres Campos, Pedro Alcántara García, Joaquín Sama, Eugenio Cembrain, Carmen Rojo, Encarnación de la Rigada, Adela Riquelme), este centro sumou-se às correntes inovadoras, de progreso, en relación coa metodoloxía que introduciu nas aulas (metodo intuitivo, ensino integral, exercicio físico, saídas do recinto escolar, observación, sentido práctico, coeducación de nenos e nenas...) <sup>10</sup>.

Na defensa dos dereitos das mulleres encontramos a parte do profesorado masculino e feminino: Rafael Torres Cam-

---

<sup>10</sup> Anadón Benedicto, J. e Fernández Valencia, A., “La Escuela Normal Central de Maestras del Reino. 1858-1900”, *Almotacín*, Revista de la E.U. de Profesorado de E.G.B., Almería, nº 8, julio-diciembre, 1986, pp. 115-130.

pos, por exemplo, alén de dedicar varias obras a defender a igualdade de mulleres e homes, interviu no Congreso Pedagóxico de 1882 para defender o aceso da muller a todas as profesións en libre competencia co home; Pedro Alcántara Garcia adoptou sempre unha postura crítica a respecto da discriminación que padecía o ensino das mulleres; Adela Riquelme era partidaria de que as cátedras das Escolas Normais femininas fosen ocupadas exclusivamente por mulleres porque recoñecía nelas a mesma preparación que tiñan os homes; Encarnación de la Rigada, que sucedeu a Carmen Rojo na dirección, fixo unha encendida defensa das capacidades femininas para o desempeño de todas as profesións no Congreso Pedagóxico de 1882<sup>11</sup>. Nesta liña estaba tamén a compostelana Concepción Sáiz, como se verá.

O ambiente que se respiraba neste centro era progresista, en relación coas etapas iniciais e mesmo en relación con outras Escolas Normais de Mestras. Aquí desenvolverá a biografada parte da súa carreira docente, como profesora de Língua e Literatura, como vogal en tribunais de oposicións, como membro do xurado na Exposición Escolar de Bilbao, como investigadora... Sen esquecer as viaxes formativas que, como novidade, se introduciran a comezos do XX para que o profesorado aperfeizoase os seus coñecimentos no estranxeiro. Así, Concepción Sáiz, foi unha das profesoras que, cunha bolsa da “Junta de Ampliación de Estudios” viaxou a Londres en 1908, comisionada polo Goberno, cun grupo de mulleres (entre elas Maria de Maeztu) para estudar a Sección Pedagóxica da Exposición

---

<sup>11</sup> *Ibidem*, pp. 120-122.



Franco-Británica, experiencia que ficaria plasmada no seu libro *Dos meses por las escuelas de Londres* (1911) e na memoria, “Enseñanza de la Lengua Materna”, publicada nos *Anales de la Junta para ampliación de estudios e investigaciones científicas* (Madrid, 1910).

En contexto institucionalista criou-se o ano 1909 a “Escuela de Estudios Superiores del Magisterio”, concebida como un Centro Superior para o estudo da Pedagogía e para a aplicación metodolóxica das materias, cun duplo carácter, científico e profesional, que trataba de actuar na formación do profesorado. Concepción Sáiz Otero pasou a este centro (o seu nomeamento produciu-se o 24 de xullo de 1909), ao que as mulleres non acedían con facilidade (o profesorado tiña a mesma consideración que os catedráticos de universidade), e xa aparece no primeiro claustro xunto a Luís de Hoyos, Rufino Blanco, Zulueta, Ontañón... Neste centro ocupou a Dirección de Estudios da Sección de Alunas (nomeada por R.O. de 16 de setembro de 1914) e impartiu diversas materias: “Literatura General y Literatura y Lengua Españolas” (en 1909), “Literatura General y Lengua y Literatura Españolas con su Metodología” (1911 e 1913), “Preceptiva e Historia General Literaria y Lengua y Literatura Españolas” (1914), “Lengua y Literatura Españolas” (1919, 1921). Como docente, deixou unha pegada imborrábel nas súas alunas, a xulgar polos textos que incorporo en “Apéndice” ao final desta semblanza. Mália a extensión dos mesmos, xulgo de interese reproducí-los mellor que parafraseá-los, porque da lectura dos comentarios sobre a actividade docente da pedagoga compostelana se desprende un modelo de aula renovador, alonxado do ensino memorístico e tradicional, que era o que se impartía na

imensa maioría dos centros: as lembranzas de María V. Jiménez, Nieves García Gómez, Elvira Alonso e Concha e Concepción Alfaya (estas dúas últimas, galegas), aforran calquer outro comentario. Aos seus textos remito.

O fecundo labor de Concepción Sáiz finalizou o 23 de maio de 1921 ao cumprir os 70 anos de idade. Con este motivo, as profesoras das Escolas Normais e as mestras de Madrid solicitaron para ela a Cruz de Alfonso XII, que lle foi concedida, e que foi costeada por José Luís Retortillo y de León<sup>12</sup>.

Concepción Sáiz estivo ligada à “Institución Libre de Enseñanza” e formou parte da Corporación de Antigos Alunos que organizaba as colónias escolares. Pertenceu asimismo à “Unión Ibero-Americana” e à “Asociación Matritense de la Caridad”, à “Asociación Española para la Difusión de las Ciencias del Hogar”, e foi Vogal do Patronato de Cegos.

## Obra

A súa actividade como escritora foi intensa. Deixou publicados varios libros, de tema pedagóxico fundamentalmente:

*Cartas... ¿pedagógicas? Ensayo de Psicología pedagógica* (Madrid, 1895) (en colaboración con Urbano González Serrano)

---

<sup>12</sup> José Luís Retortillo, marqués de Retortillo, foi designado para se encargar da Dirección da “Escuela de Estudios Superiores del Magisterio” en maio de 1914 e, meses máis tarde, nomeado Delegado Réxio. Foi home moi vinculado a este centro, como tamén o estivera à “Escuela Normal Central de Maestras”. En 1914 foi Conselleiro de Instrucción Pública (Molero Pintado, A. / Del Pozo Andrés, M<sup>º</sup> del M., *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)*, Universidad de Alcalá de Henares, Madrid, 1989, p. 220).

*¿Cómo utilizar los millones de superavit?* Estudio presentado ao concurso do *El Imparcial* en marzo de 1905 (Tema: as enfermidades sociais, como as orgánicas, curanse gradualmente) (Madrid, 1905)

*Teoría y práctica de la educación y la enseñanza.* Curso completo e enciclopédico de Pedagogía exposto conforme a un método rigorosamente didáctico (Madrid, 1908)

*Comisión auxiliar de Escuelas Normales.* Voto particular ao Ditame. Ponencia (Madrid, 1908)

*Dos meses por las escuelas de Londres* (Madrid, 1911)

*Lecturas escolares.* Notas históricas y páginas selectas de literatura castellana (siglos XII al XIX), 4 vols. (Madrid, 1913-1928)

*Urbano González Serrano (boceto biográfico)* (Madrid, 1914)

*Un episodio que no escribió Galdós. La Revolución del 68 y la cultura femenina (Apuntes del natural)* (Madrid, 1929)

*El método de la escuela renovada de Milán* (Madrid, 1930).

*Las nuevas escuelas italianas* (Madrid, 1930)

Publicou artigos en *La Tribuna*, *El Universo*, *El Magisterio Español*, *Nuestro tiempo*, *La Escuela Moderna*, *Revista de Medicina Social Española*, *Album Artístico literario del siglo XX*, *Raza Española*, *Anales de la Junta para ampliación de Estudios*, *Revista de Segunda Enseñanza*, *Revista de Escuelas Normales*.

As suas publicacións centran-se sobretudo na temática que ten a ver coa súa profesión docente, coa materia que ensinaba (língua e literatura) e coa educación das mulleres.

Alguns dos textos foron comunicacións apresentadas a congresos, como “La mujer en el Congreso Pedagógico” (celebrado en Madrid en 1892), “Influencia de los trabajos domésticos en el carácter de la mujer” (Congreso Internacional de Economía Doméstica, Roma, 1927).

## A educación da muller

En relación co tema da muller, consciente Concepción Sáiz de que a educación era un factor fundamental para a súa promoción, desenvolveu unha serie de actividades relacionadas coa súa profesión de mestra e coas súas preocupacións educativas: participou no Congreso Pedagógico de 1882 onde se discutiu o tema da educación das mulleres; volveu participar no Congreso Pedagógico Hispano-Portugués-Americano, celebrado en 1892, onde de novo este tema, que ocupou a quinta sesión, despertou enorme interese<sup>13</sup>; reemprazou na Cátedra de Pedagogía da “Asociación para la Enseñanza de la Mujer” a Pedro de Alcántara, asociación que nacera en 1870, que tiña como obxectivos formar mulleres para o lar e para o traballo, e colaborou asiduamente nas revistas e xornais sobre estes temas: “El feminismo en España”, “La mujer en el Congreso Pedagógico”, “Hacia lo porvenir, La Maestra Española”, publicados

---

<sup>13</sup> Debateron-se os seguintes puntos: 1º) Relacións e diferencias entre a educación do home e da muller; 2º) Meios de organizar un bon sistema de educación feminina e graus que esta debe comprender. Como deben de organizarse os organismos que actualmente a representan no que di respecto à cultura xeral; 3º) Aptitude da muller para o ensino. Esferas a que debe estender-se; 4º) Aptitude da muller para as demais profesións e límites que convén fixar neste punto; 5º) A educación física da muller (Labra, R.Mª de., *El Congreso Pedagógico Hispano-Portugués-Americano de 1892*, Madrid, 1983).

en *La Escuela Moderna*. Neste último refere-se ao papel que teñen nas suas maos os mestres e mestras do futuro e advoga pola formación de mulleres dignas, cultas e sensatas, aínda que é consciente de que terán moitos detractores que as tildarán de “feministas”.

Por se tratar o tema da educación das mulleres, obxecto desta investigación, reproduzo “La mujer en el Congreso Pedagógico”, publicado primeiramente en *El Magisterio Español* e reproducido, posteriormente, en *La Escuela Moderna*<sup>14</sup>. Refere-se às discusións da quinta sesión do Congreso de 1892 en que participaron as mulleres que, aínda sendo minoría naquela altura, eran conscientes da problemática que afectaba às do seu sexo: Concepción Arenal, Carmen Rojo, Emília Pardo Bazán, Matilde Garcia del Real, Maria Goyri, Soledad Acosta Samper, entre outras; mulleres que formaban parte da intelectualidade feminina da época, algunhas compañeiras suas na Escola Normal Central de Mestras ou nos centros dependentes da “Asociación para la Enseñanza de la Mujer”.

#### LA MUJER EN EL CONGRESO PEDAGÓGICO

por la

Señorita Doña Concepción Sáiz Otero

Profesora de la Escuela Normal Central de Maestras

*“Fuerza es confesar (a despecho del ridículo con que han tratado de desautorizarlas los escritores festivos, que olvidan, sin duda, que sus hijas pueden figurar entre los siete millones de europeas que por exceso de población femenina están destinadas a no encontrar marido y convertirse en carga pesada y enojosa de hermanos y sobrinos), que las mujeres han demostrado con los trabajos realizados en la Sec-*

---

<sup>14</sup> Madrid, volume IV, 1893, pp. 88-91.

*ción quinta del Congreso pedagógico, pensar seriamente en el porvenir de su sexo y estar capacitadas para indicar las reformas necesarias para su mejoramiento.*

*Cuantas han tomado parte en la discusión de los temas, encaminados todos a dirigir la educación de la mujer en un sentido que le permita aspirar un día al dictado de persona, han contribuído con nuevo dato a facilitar la solución de un problema que la naturaleza y las costumbres hacen en extremo complejo.*

*Si la señora Arenal, con la profundidad de su pensamiento y la fuerza de la convicción, indicó la necesidad de formar el carácter de la mujer, es decir, la personalidad completa; la señorita Rojo, con la competencia hija de una laboriosa existencia consagrada a la enseñanza, presentó conclusiones tan razonadas y prácticas, que su inmediata realización no sería rechazada ni aun por los más refractarios a la ampliación de la cultura femenina.*

*La señora Pardo Bazán puso con verdadera devoción, al servicio de causa para ella tan simpática, su elevada inteligencia y su galano estilo, e informándose en un sentido tan radical como altruísta (ella no necesita pedir prerrogativas de que por su talento goza), reclamó para la mujer todos los derechos concedidos al hombre. La misma tendencia manifestó, con tanta suavidad como energía y firmeza, la señora Wilhelmi, en una Memoria nutrida de convincentes datos numéricos. Y si enfrente de la señorita Alcañiz, que considerando a la mujer apta para el ejercicio del Profesorado hasta en las Universidades, conceptúa que debe abrírsele camino en todas las carreras, se levantó la señorita Solo de Zaldívar, que temerosa, y quizás con razón, de que el hombre no esté bastante educado para trabajar al lado de la mujer, combatió decidida e ingeniosamente tal aspiración, pidiendo para su sexo cultura amplia que no lo aleje de la vida del hogar, sentido en que también se pronunció la señora Acosta de Samper; no faltaron en la señora Albéniz y señoritas de la Rigada, Real y Goyri, nuevas mantenedoras del generoso propósito de que a la mujer se la eduque para ser útil a si*

*misma, a la familia y a la sociedad, sin imponer restricciones, que justificadas por un caso, serían impugnadas por mil.*

*Hombres ilustres hubo que, contribuyendo noblemente al esclarecimiento de los puntos discutidos, hicieron sentir la necesidad de que se eduque a la mujer desarrollando integralmente sus facultades físicas y espirituales. Estos, sin embargo, fueron los menos; los más se declararon resueltos partidarios de que la mujer conserve los encantos con que la adorna la ignorancia. Alégranse en pro de esta afirmación todos los conocidos argumentos que arrancan de la tesis de que la mujer no tiene otra misión sino la de esposa y madre, presentando, para demostrar que su ineptitud orgánica la imposibilita para el trabajo, hondas consideraciones fisiológicas, que es lástima no se tengan en cuenta para prohibir las faenas de las planchadoras, lavanderas, layadoras y de otras muchas dedicadas a tareas no menos rudas que las enunciadas. Mas a estos conocidos argumentos no dejaron de agregarse otros novísimos, tal como el de afirmar que "una mujer que contribuya con los productos de su trabajo a sostener la familia, no será sumisa a su marido"; caso en que deben encontrarse todas las mujeres que aportan al matrimonio una dote cuantiosa.*

*Es lamentable que apasionados los ánimos por las soluciones radicales, no hubiese uno bastante sereno para llamar a capítulo a los exaltados partidarios de la mujer para el hogar, y decirles: Considerad que cada día se acentúa más la tendencia al celibato, y que vuestras hermanas y vuestras hijas pueden encontrarse sin un hogar sostenido por el trabajo del hombre, y en la necesidad ineludible de atender con el suyo a la propia subsistencia. Considerad que la vida material es cara; que en un pueblo pobre como España no abundan las dotes; que como el trabajo se paga muy poco, el hombre que se crea una familia, emplea su actividad en tres o cuatro ocupaciones distintas para lograr reunir lo estrictamente necesario para subvenir a sus atenciones; que*

*el que trabaja de este modo agota rápidamente sus fuerzas; y como no economiza ni dinero ni salud, deja a su familia en la indigencia. Considerad que nuestras mujeres con sus costumbres actuales gastan en tiendas, visitas, teatros y otras futilidades, dos capitales: uno en dinero, otro en tiempo; y que si la mitad de éste lo dedicasen a despachar la correspondencia o la contabilidad de una casa de comercio, a dar una lección, a explicar una clase, a traducir una obra extranjera..., ganaría mucho nuestro bienestar material y moral, y tendríamos más hogares verdad de los que tenemos. Considerad que así como la mayor suma de aptitudes abre al individuo más seguro porvenir, la mayor suma de inteligencia en la familia, facilita y consolida el porvenir de ésta. Considerad que es más grata la compañía del amigo que previene nuestros deseos, que la del esclavo que obedece nuestros mandatos. Considerad que, al uniros a una mujer verdaderamente educada, no corréis ese riesgo del ridículo, que tanto os arredra, porque esa mujer irá al matrimonio sólo por el camino del amor, y nada se respeta tanto como aquello que se ama. Considerad, en fin, que si a la mujer la hacéis culta, ella se hará discreta. ¿Qué hubieran contestado? - No lo sé, pero temo adivinarlo. Naha hay tan difícil como amar un ideal que no se siente.”*



## Apéndice

*Revista de Escuelas Normales*, nº 54, maio 1928, pp. 162-168. Neste número figuran as lembranzas de cinco ex-alunas. Polo seu interese a respeito do traballo docente de Concepción Sáiz Otero, reproduzo as colaboracións destas mestras.

### 1. MARIA V. JIMÉNEZ:

#### “Nuestros Maestros. Concepción Sáiz”

*“En esta galería de retratos que con el título de “Nuestros Maestros” viene publicando la REVISTA DE ESCUELAS NORMALES, la señorita Sáiz ocupa por derecho propio uno de los primeros lugares. Cuadraría bien como subtítulo: la maestra de todas. Efectivamente, ¿en qué Normal no habrá discípulas suyas? ¿En qué provincia no existirán escuelas regidas por discípulas de la señorita Sáiz ... ? Hemos escrito «discípulas» y no «alumnas». Creemos que ninguna profesora de Normal puede ufanarse de tener tan gran número, de todas las épocas de su vida profesional, que la recuerden siempre, que convivan con ella a través del tiempo y del espacio, que la escriban en fechas señaladas, que la visitan en cuanto tienen ocasión... Es que en todas ellas supo infiltrar como nadie algo de su exquisita espiritualidad. De mí sé decir que mis momentos más afortunados como profesora, mejor dicho, como maestra, en el amplio sentido de la palabra, a ella se los debo. Y para todas nosotras, para la legión de sus discípulas, no será nunca la ilustrísima señora doña Concepción Sáiz y de Otero, sino que será siempre «la señorita Sáiz».*

(A segunda parte deste artigo contén outros datos que xa se incorporan na semblanza)

## 2. NIEVES GARCIA GÓMEZ:

### “En la Escuela Normal”

*“En el último cuarto del siglo XIX, a la escuela primaria española le bastaba para realizar su función una sala con mesas y asientos, pocos libros, algunos mangos de pluma, cuatro o seis tinteros y varias muestras de tipo caligráfico. El alumno, que es lo más importante de la escuela, quedaba como una especie de receptáculo donde se depositaban cosas de cuya reacción generalmente nadie se preocupaba.*

*A la escuela de ayer ha sucedido felizmente la escuela de hoy que necesita para llevar a término su misión, no un local, ni un jardín, ni una huerta, sino además de todo esto el mundo entero, porque lleva su actividad a la vida misma, y al estudiar la mariposa, el cangrejo, la flor y la piedra, las coloca, después de conocidas, articuladas con su medio y formando parte de un todo armónico.*

*El niño es ser vivo, muy activo, que constantemente trabaja en su formación humana y es él mismo el agente más importante de su propia educación. Este paso de gigante en provecho de la escuela pública nacional lo dio en nuestra patria la Escuela Normal Central de Maestras desde 1885 hasta la primera decena del siglo actual. Factores de este proceso de cultura fueron: disposiciones ministeriales acertadas y comprensivas, viajes de estudio que nos trajeron aires sanos de fuera y la colaboración excelente de un Profesorado mixto singular de cuyos esfuerzos resultó el cambio completo de la Pedagogía práctica española. De tal Profesorado, formado por especialistas, que a su especialidad dominada sumaban la mayor capacidad educadora y el más alto ejemplo, era miembro la señorita Pura Sáiz, que daba las enseñanzas de Lengua y Literatura castellanas.*

*Conviene recordar que la señorita Pura nació en Galicia, aprendió a leer en Ciudad Rodrigo, muy niña viajó por Navarra*

y Logroño, se educó en el ambiente cariñoso y culto de atrayente familia española, vivió largo tiempo en Burgos saturándose con abundantes y seleccionadas lecturas, tomando el espíritu de refranes, modismos y decires populares, que vienen a ser como el ámbar de la rica y sonora Lengua Castellana. Tal vez por esto sus explicaciones eran modelo de claridad, orden y agrado, no separando nunca la Lengua de la Literatura, haciendo sentir a sus alumnas que ambas disciplinas son la esencia vital de la raza española que empieza a manifestarse con Cartas Pueblas, Cantigas, coplas, gestas heroicas, culmina con Cervantes, Lope, Calderón, el maestro Tirso en España, en las cimas gloriosas de los Andes, como dijo el poeta, en latín par bahía de Manila, que equivale a ceñir con el habla castellana la redondez del Planeta, ya que antes hombres de Iberia le habían ceñido por vez primera con su ciencia geográfica y la marcha de sus barcas.

En las clases con la señorita Sáiz, primero recordábamos la lección anterior, luego se exponía la materia del programa escolar correspondiente al día, después se analizaban períodos de los clásicos destacando vivamente la lógica, el avance y pulimento del castellano popular, las relaciones entre los distintos miembros del pensamiento, la construcción, figuras, fonética y ortografía de la lengua madre.

La frescura juvenil de las alumnas encontraba margen para sus, a veces, importantes observaciones y comparaciones entre el poema de Mio Cid, la Cuadernavia de Berceo, la dulzura del Marqués de Santillana y las formales enseñanzas que encierran los cuentos del Conde Lucanor, cuya lectura y comentarios son de sumo interés en la escuela primaria. Otros días no había análisis, pero sí cambio de impresiones sobre novelas o poesías contemporáneas leídas por indicación de la Profesora, que nos pedía nuestro parecer sobre el personaje o idea central de las mismas. En estos diálogos unas alumnas manifestaban su predilección por Zorrilla, otras por Emilia Pardo Bazán, Rosalía Castro, Pereda, otras por Fernán Caballero, D<sup>a</sup> Concepción

*Arenal y todas nos apasionábamos por Marianela y Gloria. Nuestro contento casi rebasaba el límite cuando la señorita Sáiz nos leía poesía del Siglo de Oro y, aunque ha pasado mucho tiempo de entonces a hoy, todavía recuerdo con deleite la dulzura y placidez que la Profesora ponía en su cara y en su voz al leer aquello de*

*«Una fontana pura*

*Hasta llegar corriendo se apresura... »*

*Paralela a la acción instructiva iba la función educadora. Siempre la señorita Pura tenía en cuenta la salud de sus discipulas, el juego, el paseo y la manera de aprovechar el descanso de las vacaciones. Nos daba consejos muy atinados acerca del color del vestido, el adorno, el peinado, la conversación, el gesto, la marcha, la cortesía en el trato continuo y nos encontraba habilidades y perfecciones físicas que ciertamente aumentaba su cariño.*

*Terminaba la hora de clase y, sin embargo, continuaba la conversación bienhechora por las galerías, escalera, o el patio de la casa-escuela y solía hallarse el apoyo necesario para resolver problemas de la juventud, tan íntimamente ligados al ser, que deciden el porvenir de la persona para toda la vida. Con poca matrícula, muchos días de clase, una asistencia perfecta, frecuentes excursiones escolares, constantes preguntas y conversaciones con las alumnas llegaba el fin de curso con los programas terminados y repasados más de una vez, conocidas por el Profesorado todas las discípulas y establecidas relaciones estrechas de afecto entre aquel y las escolares.*

*De esta manera se formó un personal que aprendió a estudiar por sí, tomó de sus Maestros el alto ejemplo recibido, la vocación y el sentimiento del deber y fue dando en sucesivas promociones profesoras a la Escuela Superior del Magisterio, a las escuelas normales cuyo nivel pedagógico creció rápidamente y maestras a la escuela pública nacional que, diseminadas por España, supieron cambiar el tipo arcaico tradicional de la es-*

*cuela en la Casa de los Niños, morada ahora acogedora y amable (...)*

*Hoy, la Profesora de Lengua y Literatura castellanas, reclusa en su casa por el imperio de la ley, siente además de la ausencia de la hermana muy amada, toda abnegación y ternura materna, la tristeza de la Escuela Superior del Magisterio donde pasó los últimos días de vida oficial y dejó la huella de la finura y pulcritud de la dama española que cuando es ilustrada, sabe hacer en su trato una mezcla donosa de aristocracia y democracia.*

*Con buena salud y hábitos de trabajo ordenado y constante gasta noblemente su tiempo entre facilitar a la infancia de Pancorbo nuevas y buenas escuelas próximas a inaugurarse, corregir y ampliar la segunda edición de su libro «Lecturas Escolares» encomiado por la crítica, muy conocido en España y declarado de texto en varias repúblicas de la América española y recibir con airoroso afecto a las antiguas alumnas y discipulas que disfrutamos la suerte de estar cerca de ella y por tanto de visitarla con frecuencia.*

*Al terminar estas líneas, nos brota la despedida de otra fecha memorable y decimos como aquel día: Adiós, Profesora; salud, señorita Sáiz; un abrazo muy apretado, Maestra...”*

### 3. ELVIRA ALONSO:

**“Hace ya muchos años...”**

*“Conocí a la señorita Sáiz en octubre de 1887, a mi ingreso en la Escuela Normal Central. Aquel año estaban al frente del llamado Curso preparatorio, que establecía el Plan de estudios vigente, ella y doña Adela Riquelme.*

*En este año de 1887 la Escuela había sufrido una nueva reorganización debida al partido liberal que estaba en el Poder, y, principalmente, al ministro de Fomento D. Carlos Navarro*

*Rodrigo, que acababa de poner en vigor el Real Decreto de 1882 (inspirado en los principios propagados por la Institución Libre de Enseñanza, tan discutidos en el Primer Congreso Pedagógico de 1882), que el partido conservador, por mano del ministro señor Pidal, había derogado. En esta reorganización se ampliaba el cuadro de enseñanzas, dando extensión a las ciencias físicas y naturales, introduciendo la enseñanza de idiomas, de historia del arte, del dibujo, del canto, las excursiones escolares y otras innovaciones más radicales, como la supresión de exámenes y el establecimiento de un profesorado mixto, las cuales duraron poco tiempo.*

*La Escuela Normal contaba entonces con un profesorado mixto, numeroso y selecto, del que se destacaban claramente doña Carmen Rojo, directora de la Escuela, la señorita Sáiz, D. Agustín Sardá y los señores Lázaro (profesor de la Sección de ciencias) y el señor Torres Campos (de la de letras). Aquella época fue, a mi juicio, acaso la más interesante y fecunda que ha tenido la Escuela. Su profesorado, casi todo él capacitado y compenetrado del espíritu liberal de las reformas, animoso y entusiasta, formó una generación de maestras de amplia cultura y de una formación pedagógica notable: no es ésta la ocasión oportuna de insistir en ello.*

*Todo esto trae a mi recuerdo y a mi memoria la personalidad de la señorita Sáiz, nuestra profesora de Lengua y Literatura. Alta, esbelta, elegante, y, sobre todo, pulcra hasta la exageración, de modales distinguidos, cualidades todas que procuraba transmitir a sus alumnas, aconsejándonos constantemente acerca de nuestra indumentaria y «toilette», llevando su interés a que nuestras personas, nuestra casa, las clases y la Escuela presentasen un aspecto agradable y de buen gusto. Así, pues, no sólo se interesaba en la marcha de nuestros estudios, de los que era muy celosa y exigente, sin escapársele nada a sus ojos perspicaces, sino también de formar en nosotras un gusto delicado y fino que llevar, más tarde, a nuestras futuras escuelas.*

*Como profesora de Lengua y Literatura preparaba con gran esmero sus explicaciones, siempre claras y de dicción impecable, correcta y elegante, que hacían que su clase fuese muy amena. Nos recomendaba la lectura de obras clásicas y de actualidad; aún recuerdo la discusión que surgió entre nosotras con motivo de la lectura de «La casa de muñecas» de Ibsen, cuya traducción acababa de aparecer.*

*Durante mi vida profesional he recordado siempre con mucho cariño y reconocimiento sus consejos y sus advertencias que me han sido de gran utilidad y provecho.”*

#### 4. CONCHA e PAZ ALFAYA:

##### **“Recordando sus clases”**

*“La REVISTA DE ESCUELAS NORMALES ha iniciado una sección alentadora: «Nuestros Maestros». Sección nueva que envuelve una sutil enseñanza: sólo los que han logrado un rincón de cordialidad y grato recuerdo en el alma de sus alumnos van a ir desfilando por esta sección. Porque no sólo la ciencia transmitida, que es saber y experiencia, interesa al alumno, sino ese punto difícil, primoroso y sutil que empieza en una conversación, en una advertencia sencilla o en una ejemplaridad modesta y constante y llega, sin que de ello nos demos casi cuenta, a transformar nuestro espíritu, a hacernos mejores, a mostrarnos la vida alrededor.*

*Y estaría mal que en esta sección no se diese cabida al elemento femenino, cuando precisamente la mujer, la maestra, tanta actuación ha tenido -y tan interesante- en el movimiento de inquietud y de renovación que hoy siente la escuela española.*

*Por ello vamos a dedicar nuestro fervoroso recuerdo a una de las figuras que más intervención tuvieron en la marcha y transformación de la Escuela Normal y de la Escuela de niñas: la señorita Concepción Sáiz.*

*La conocimos en la Normal Central y la encontramos en la nueva Escuela Superior del Magisterio cuando, al iniciar su labor, empezó la renovación pedagógica y científica del grupo más joven y animoso de las Normales de hoy.*

*Su cortesía, su serenidad de juicio, su distinción, el trato amable y fino que subrayaba la exquisita y bella silueta —¿por qué no decirlo?— ganaba entonces y siempre la voluntad de las alumnas. Cuando el curso terminaba, todas llevábamos nuestros apuntes, nuestras notas bibliográficas y, en confuso montón, ilusiones y propósitos: entre ellos destacándose la silueta, bella y austera, señorial y sencilla, de la profesora de Gramática. Nació para maestra y su vida profesional prodigó con la enseñanza y el ejemplo, todas sus energías para llegar a ese tipo de feminidad superior que hermana la Ciencia con el Arte y con la Vida.*

*Supo como nadie cuánto vale para un maestro conquistar el alma de sus discípulos y actuar sobre sus familiares para que la obra de la escuela no fracase y se esterilice.*

*Ahora que tanto se habla de asistencia social y de visitantes domiciliarios, como medio de atender a la salud del niño y mejorar el vigor de la raza desde la escuela, se olvida que hubo ejemplos, esporádicos, sí, pero muy intensos y fructíferos de protección a la salud y a la vida del menor. Muchas veces la señorita Sáiz, en colaboración cordial y amistosa con ilustres doctores, atendía, remediaba, llevaba a la ruta de la salud a la débil adolescente cuya crisis de crecimiento ponía en peligro su vida, y de su clase marchaba a la clínica, a la asistencia cuidada y perfecta, al vigor y a la salud.*

*Hemos querido destacar este sentido social, humanitario, protector de su obra en la clase, como una de las anticipaciones más afortunadas y fructíferas de su labor escolar.*

*¿Sus clases? ¿Su técnica? De ellos muchos recuerdos y no menos aciertos. Creemos que nadie olvidará sus clases de lectura donde se volcaba su sólido saber y sentido selectivo, o aque-*



*llas otras de literatura comparada donde se comentaba la época o la vida de un autor frente a su obra.*

*Su dicción correctísima y su cultura excepción hacían agradable lo que en otro caso estaría desprovisto de amenidad e interés.*


*Cuando se iniciaba el movimiento feminista y en frágiles e inciertos tanteos las mujeres buscaban un lugar y un respeto a su trabajo escribió su libro «Cartas... pedagógicas», donde figuran ideas de sólido acierto y cultura psicológica difícil y escasa en aquel tiempo.*

*Hoy mismo, cuando la ancianidad ha nimbado de majestad y respeto su silueta, es la señorita Sáiz, con su alma eternamente joven, el consejero leal y animoso, de un grupo selectísimo de maestras que tratan de continuar su obra, arrancando de la rutina y de morbosos extranjerismos la labor de la Normal y de la Escuela primaria.*

*Y es que no sólo fue maestra porque enseñó, sino que al florecer las verdades en la inteligencia de sus alumnos prendieron sus raíces en el corazón; porque supo precisamente hacerlas amar y, como dijo Benavente: «Mostrar verdades y hermosuras no es nada; lo importante es hacerlas amar».*

*Los que hemos abrazado la profesión del Magisterio y hemos probado ya sus inquietudes y asperezas, sus goces y sus ilusiones, sabemos que no es la obra escrita o de investigación lo que perdura y es útil socialmente, sino el resplandor inmortal del espíritu que prende en los discípulos amados haciendo posible la continuidad y perfección de la propia labor.*

*Esta fe en vida y obras del amor a nuestra maestra, quisiéramos quede expresada cordialmente en las líneas escritas.”*




No centro da primeira fila Concepción Sáiz, rodeada de profesores e alumnos/as. (Reproducida de Molero Pintado/Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, 1909 - 1932*, Madrid 1989).



Escaleira principal da “Escuela de Estudios Superiores del Magisterio”, onde C. Sáiz traballou desde 1909 até a sua xubilación. (Reproducida de Molero Pintado/Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, 1909 - 1932*, Madrid 1989).



**Salón da Escola que se utilizaba como Seminario. 1917**(Reproducida de Molero Pintado/Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, 1909 - 1932*, Madrid 1989).



**Biblioteca da Escola. 1919** (Reproducida de Molero Pintado/Del Pozo Andrés, *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, 1909 - 1932*, Madrid 1989).

**A**LLÁ por los años de 1862 llamaban la atención de la buena sociedad coruñesa dos niñas de 12 y 10 años que se distinguían de sus contemporáneas por la facilidad con que exteriorizaban por medio de la pluma las inocentes concepciones de su infantil fantasía. Eran estas niñas Narcisca Pérez Reoyo (nacida en 1849) y Emilia Pardo Bazán, (que viniera al mundo en 1852). La primera pasó por la vida como una ráfaga de luz, dejando tras de sí la suave colección de «Cantos de la Infancia» (1865), prologada por Manuel Murguía, y el «Devocionario infantil» (1867), dedicado y ofrecido personalmente al entonces príncipe de Asturias, D. Alfonso XII.

Para gloria de Galicia, patria de la dulce poetisa regional Rosalía de Castro y de la eximia pensadora Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán alcanzó las altas cimas de la vida, convirtiéndose en fecunda realidad las esperanzas que ofreciera en la niñez.

Entre los 7 y los 9 años leyó la «Iliada», el «Quijote», la «Araucana» y la «Biblia», aquella Biblia que yo no sé qué ola de fervor llevó a las rías gallegas y que las niñas del alborear de la segunda mitad del siglo XIX encontrábamos al alcance de nuestras manos en los anaqueles de las viejas bibliotecas y leíamos al blando rumor del Cantábrico, contemplando con ávidas miradas los bellos grabados que las ornaban. En tanto *Emilia Pardo Bazán y de la Rúa*

(1) Nuestra ilustre maestra ha tenido la bondad de testimoniarnos nuevamente su cariño a la *Revista de Escuelas Normales* enviándonos esta página, todavía inédita, que insertará en el tomo IV de sus «Lecturas escolares», próximo a publicarse. La R. de E. N. agradece vivamente esta delicadeza a Doña Concepción Sáiz, quien ella misma gustó biografarse ante sus discípulas predilectas en los siguientes términos, que no podemos resistir la tentación de publicar:

«Nació en 1851; jugó como un muchacho; leyó ávidamente cuanto hubo a mano—algunas obras a escondidas de su buena madre—; hizo la vida de sociedad de las jóvenes de su tiempo; a los 25 años se sintió persona; resolvió deberse a sí misma su porvenir; adquirió los títulos de maestra e institutriz; a los 27 empezó a enseñar lo poquito que sabía—poniendo en su labor lo mejor de su espíritu—; y estudiando y enseñando alcanzó los 70 años, obteniendo al ser jubilada la convicción consoladora de que sus discípulas todas, la respetan; muchas, le estiman; y algunas, la quieren...»

EMILIA PARDO BAZÁN

por

CONCEPCIÓN SÁIZ (1)

*Ligueroa* leía su Biblia arrullada por las olas de la ría de Sangenjo (Coruña), quien estas notas escribe (gallega y entonces niña

de 9 años) leía la suya al amor de la ría de Vivero (Lugo). Hay en el ambiente de la incomprendida Galicia un *quid* espiritual que despierta en el alma femenina nobles aspiraciones y altos ideales.

Casada la señorita de Pardo Bazán en 1868, con el señor Quiroga (caballero perteneciente a aristocrática familia gallega), continuó su *auto-educación* literaria, completando con frecuentes viajes al extranjero los conocimientos adquiridos en la lectura y en las relaciones amistosas con los principales escritores españoles, relaciones adquiridas en Madrid, donde fijó su residencia.

Los primeros trabajos, presentados en certámenes regionales, cuando contaba 16 años, dieron ya muestras de su acometimiento y de la variedad de asuntos en que había de emplear su actividad, pues figuran entre ellos nada menos que un «Ensayo crítico sobre el darwinismo» y un estudio de los «Poetas épicos cristianos: Dante, Milton y Tasso». Siguió a esta primera salida, digna de una compatriota del héroe cervantino, un período de reflexivo estudio y de fructuosos viajes que se hicieron carne en el poema «Jaime» (1881), inspirado en el amor a su primogénito y en la «Cuestión palpitante» (1883), estudio del naturalismo zolesco. De esta obra arrancó la nota de naturalista con que algunos críticos estigmatizaron la rica producción novelística de la señora Pardo Bazán, nota aplicada con manifiesta ligereza a obras que, como el «Cisne de Vilamorta» y los «Pazos de Ulloa», rebotan gallego realismo, hasta en el lenguaje.

La abundante producción literaria de Emilia Pardo Bazán puede clasificarse en dos grupos: el de las obras didácticas y el de las obras novelescas...